

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA REPROBAR Á CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para reprobar á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

### **Exposición de motivos**

A maioría das cidades contan con medios de transporte dignos para desprazarse a outros puntos da súa contorna, pero no caso de Ferrol, non temos esa sorte. A conexión ferroviaria da que dispoñemos data de 1913 e non supón unha opción viable para realizar o traslado entre cidades, o que provoca que o servizo de autocares teña máis demanda, por ser a única vía de transporte público que a veciñanza de Ferrol pode utilizar para desprazarse ao resto da contorna.

Dende o cambio de concesión, Monbús, agochada baixo o pseudónimo dunha UTE, empeorou este servizo de transporte por carreteira. Minoraron as frecuencias, modificáronse horarios, se deixan de atender a persoas por falta de espazo, e a frota de autobuses non garante o mínimo de confort. Por todos estes motivos, o servizo de autocares está deixando de ser unha opción viable para o desprazamento ás cidades veciñas, ocasionando grandes perxuizos para os usuarios e usuarias.

Ademais disto, non se está aplicar o desconto extra á única alternativa de mobilidade entre Ferrol e A Coruña, porque non existe a competencia do tren. Ferrol – Santiago ten

un prezo de 0,37€, Ferrol – Vigo 0,70€ e, sen embargo, Ferrol – A Coruña costa 2,30€ por traxecto.

Este empeoramento do servizo de transporte só ten un responsable: a Xunta de Galicia, competente da contratación do servizo de transporte interurbano e metropolitano. Tanto a administración autonómica coma a súa conselleira de infraestruturas e mobilidade, Ethel Vázquez, están amosando unha desastrosa xestión dun servizo fundamental e unha incapacidade total para solucionar os numerosos problemas que non deixan de aumentar polas carencias dun servizo que non está a ser serio nin fiable para os seus usuarios e usuarias.

O desmantelamento de calquera servizo público por parte da Xunta é unha constante nos seus gobernos, coma se está a demostrar neste caso co servizo de transporte metropolitano. A concesionaria do servizo leva case 2 anos incumprindo o contrato e a Xunta de Galicia fai oídos xordos sen buscar solucións, alternativas ou reforzar o servizo.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia ao restablecemento do servizo de transporte metropolitano e da liña Ferrol – A Coruña, tal e coma se viña prestando coa anterior concesionaria.
2. Reprobar á conselleira de infraestruturas e mobilidade, Ethel Vázquez, pola súa incapacidade na resolución deste conflito.

Ferrol, 26 de setembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común